

PLAN DIXITAL

CPR.Plurilingüe Barreiro

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do Centro: CPR Plurilingüe Barreiro

Enderezo: Estrada de Valadares, nº 78, 36314, Vigo, Pontevedra.

Enderezo e-mail: cpr.barreiro@edu.xunta.es

Paxina Web: <https://www.colegiobarreiro.com/>

Etapas Educativas: Educación Infantil
Educación Primaria
Educación Secundaria Obrigatoria.

Nº Alumnos: 276

Nº Docentes: 27

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPR Plurilingüe Barreiro, está ubicado no municipio de Vigo, concretamente na parroquia de Valadares, nunha contorna rural, a 5 km do centro. A cidade de Vigo pertence á zona sur da provincia de Pontevedra e conta cun dos portos máis importantes de España e de Europa. Posúe dous recursos naturais de gran beleza que lle confiren unha grande interese turística, que son A Ría de Vigo e As Illas Cíes.

Economicamente a actividade predominante na cidade de Vigo é a industria seguida do turismo. Industrialmente conta cunha das factorías do grupo PSA máis grandes de Europa na que se fabrican algúns dos modelos en exclusiva. Isto orixinou que proliferasen unha grande cantidade de empresas subsidiarias da PSA que fabrican compoñentes para a marca. A outra gran industria de Vigo é a industria derivada do mar, surtida polo porto pesqueiro do Berbés. Tendo en conta o exposto anteriormente, a maior parte da poboación da cidade vive directa ou indirectamente da industria conserveira, pesqueira, metal (estaleiros) e do sector automovilístico.

Ás aforas de Vigo, atópase a parroquia de Valadares onde se sitúa o noso centro. Nesta parroquia, cunha distribución homoxénea e densa de casas particulares, encóntrase o principal hospital de Galicia: O Hospital Álvaro Cunqueiro, de recente construción e pertencente ao Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (SERGAS); así como o parque tecnolóxico e industrial de Valadares onde se encontran diversas empresas. A pesar de que a parroquia de Valadares pertence á zona rural de Vigo, é unha zona moi activa por estar cerca dos devanditos lugares.

O CPR Plurilingüe Barreiro é un Centro de carácter concertado-privado cunha longa historia dende a súa fundación a mediados do século XX (1959). Inicialmente o centro contaba con tres aulas en Pereiró, posteriormente en 1960 trasladouse ás instalacións actuais de Camelias onde se alugou o Colexio Privado Academia Barreiro, con sete aulas, que preparaba ensinanza libre de Bacharelato e ensinanza oficial de FP Administrativo. No ano 1978 creáronse as instalacións da Avda. Fragoso, 29 contando inicialmente con dúas unidades de Infantil, que máis tarde foron tres, cinco unidades de Primaria e unha de 6º de EXB. O resto das unidades ata oitavo de EXB seguiron ubicadas en Camelias, sendo concertado ata sexto de Primaria e privado en sétimo e oitavo con

tres unidades en cada nivel. Anos máis tarde, foi concertado en todas as unidades. En 1999 o colexio trasladouse ás instalacións actuais en Valladares, onde conta con tres unidades de Educación Infantil, seis unidades de Primaria e catro unidades da Ensinanza Secundaria Obrigatoria.

Dende o punto de vista arquitectónico, o colexio está dividido en dúas seccións: O edificio no que se cursa a Educación Infantil e no que se cursa Educación Primaria e ESO. No baixo do edificio principal, atópase a secretaría, a sala de titorías, a dirección, a aula de inglés de infantil e a sala de profesores.

- No primeiro andar encóntranse as aulas de ESO, a aula de tecnoloxía e o laboratorio.
- No segundo andar, as 6 aulas de primaria, dúas aulas de apoio e unha aula de usos múltiples.
- No terceiro andar, están a biblioteca, e as aulas de informática, plástica e música.
- No segundo edificio, encóntranse as tres aulas de Educación Infantil, unha aula de usos múltiples e unha cociña equipada. Todos os servizos están adaptados aos pequenos.
- Anexo ao pavillón de Infantil, temos o ximnasio equipado con vestiarios e un almacén co material deportivo.
- O recinto conta tamén con dous pistas polideportivas e un parque infantil e zonas verdes. O conxunto ten ao redor de 8.000 m².

O plan dixital substituirá ao plan tic a partir do curso 22/23 e marcará as actuacións necesarias para levar a cabo a transformación dixital necesaria marcada pola nova lei educativa. Tamén nos permitirá mellorar aqueles aspectos do noso Plan TIC que non estaban plenamente implementados e corrixir algúns aspectos que puidemos detectar a partir do informe SELFIE.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de dinamización dixital esta composto por Lucía Barreiro Nogaledo, Alberto Rodríguez Moreira e José Manuel Vázquez Riobello.

O equipo realizou cronoloxicamente as seguintes actividades coa finalidade de elaborar o presente documento:

- a) Realización enquisa SELFIE
- b) Realización test Competencia Dixital Docente
- c) Posta en común dos resultados e elaboración do DAFO
- d) Selección e plantexamento dos Obxectivos do Plan de Acción
- e) Redacción do presente documento, Plan dixital.

Durante todo o proceso de elaboración o equipo estivo asesorado e titorizado polo equipo ADIX 1, concretamente por Raimundo Leirós Figueiras.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O Centro dispón de dúas conexións de Fibra de 600MB simétricos encargadas de repartir a conexión a todas as instalación do Centro. Os edificios dispoñen de conexións por cable e sen fíos, a rede principal conta con cortafogos físicos e dixitais e a rede sen fíos esta composta por repetidores de sinal Unify en moitas das aulas do Centro.

Equipamento:

- Todas as aulas están dixitalizadas ben mediante pantallas dixitais interactivas (PDI's) ou mediante proxectores e pantallas intelixentes.
- A Biblioteca dispón de dous equipos e impresora.
- Aula de Informática con 12 equipos Pentium I5 e impresora 3D.
- Carro de Chomebooks con 30 equipos.
- A secretaría dispón de un ordenador e una fotocopiadora multifunción.
- A aula de profesores dispón dun ordenador para uso do profesorado pero fomentamos una política BYOD entre o profesorado.
- 6 equipos portátiles para ás clases de 5º Primaria a 4º ESO que non teñen PDI's e empregan proxectores.

A plataforma educativa do Centro e Alexia , tamén e a nosa principal canle de comunicación coas familias. No comezo da pandemia o Centro empezou a empregar de xeito regular a solución Office365, tendo una gran acollida entre as familias e o profesorado. O mantemento da rede e os equipos faise a través dunha empresa que vén regularmente a solucionar as incidencias que se producen

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.2.1 Resultados Enquisa SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3	3.7
	Profesorado	4	3.9
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.3	3.8
	Profesorado	3.7	3.8
	Alumnado	3.6	3.3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.5	4.3
	Profesorado	4.2	4.2
	Alumnado	4.2	3.8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.3	3.3
	Profesorado	3.7	3.6
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.9	4.5
	Profesorado	4.3	4.2
	Alumnado		4.3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.5	3.5
	Profesorado	3.7	3.6
	Alumnado	3.6	3.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.8	3.6
	Profesorado	3.1	3.5
	Alumnado		2.9
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	5	5
	Profesorado	3.9	4.1
	Alumnado	4.1	3.6

2.2.1 Resultados Test Competencia Dixital Docente

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	28	16.7
PROVISIONAL	0	0	0
INTERINO	0	0	0
SUBSTITUTO	1	6	16.7
DESPRAZADO	0	0	0

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
92.6	B1	76.4	B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	95.7	B1	79.2	B1
Primaria	85.4	B1	77	B1
Infantil	74	B1	68.2	B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5.3
A2	4	21.1
B1	7	36.8
B2	5	26.3
C1	1	5.3
C2	2	10.5
TOTAL	20	105.3

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	A infraestrutura de rede esta ben organizada e balanceada, posuímos unha conexión de banda anche adecuada ás necesidades de conexión do Centro e as aulas posúen pantallas dixitais táctiles ou equipos de proxección. Tamén fomentamos a política BYOD. Dispoñemos de dúas plataformas, Alexia e Office365.	Falta de habilidades dixitais á hora de usar os dispositivos por parte da comunidade educativa o que resta efectividade á súa implementación.
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado crea recursos dixitais para impartir nas materias, manexa contornas virtuais de aprendizaxe.	1) É necesario entender que o uso das TIC xoga un papel moi importante no proceso educativo e é necesario adoptar solucións dixitais que complementen o proceso formativo e non mostrar reticencia ao seu uso. 2) Acomodación do profesorado coas técnicas tradicionais de avaliación e reticencia á implementación na aula de métodos novos
	ALUMNADO	Estamos a potenciar a utilización de traballos a través de presentacións dixitais por parte do alumnado da ESO. O alumnado de 3º e 4º da ESO ten unhas habilidades dixitais bastante altas adquiridas a través de moitas das materias do curso nas que se fomenta o uso das TIC de maneira xeneralizada.	Pouca formación con respecto a un uso responsable da tecnoloxía, dereitos de autor e seguridade na rede.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1) Desde o equipo directivo e os membros dos equipos de coordinación se fomenta e promove a utilización das TIC. Tamén se avalía constantemente a implantación de novas ferramentas dixitais que poidan complementar o proceso formativo dos alumnos. 2) As familias teñen á súa dúas plataformas (Alexia e Office365) para poder realizar tanto titoría e/ou comunicacións co persoal docente. 3) Concienciación do equipo directivo da importancia do uso das TIC e a súa implementación a través do Plan Dixital	1) A estratexia dixital ten que transmitirse dunha maneira mais xeneralizada ao profesorado e debemos establecer procedementos que lles permitan aos profesores adoptar as solucións dixitais idóneas sen que supoñan unha dificultade engadida ao proceso educativo . 2) Poucos proxectos interdisciplinares que fomenten o uso das TIC.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A potenciación do uso das TIC a través da Administración Educativa posibilita que as familias entendan a necesidade de empregalas e facilitan a adquisición e aceptación de toda a comunidade educativa do seu uso así como a súa introdución na metodoloxía das materias	<p>1) A asignación horaria do centro é tan axustada que non permite que os docentes poidan ter un desenvolvemento profesional continuo. Resulta complicado fomentar o DPC coas circunstancias vividas os últimos dous anos.</p> <p>2) Falta de axudas económicas e/ou dotacións por parte da Administración.</p>
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	Moi boa aceptación por parte das familias de todas as iniciativas dixitais que se puxeron en práctica nos dous últimos anos. Móstrase cooperativas e xeneralizan o uso de todas as plataformas que se poñen á súa disposición.	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Posuímos plataformas e métodos en constante avaliación e revisión que adaptan o material educativo para fomentar a creatividade no alumnado e axudan aos docentes/equipo directivo para que ofrezan aos alumnos a mellor experiencia educativa posible.	Moitos dos métodos de avaliación que posúen todas as características necesarias para unha correcta avaliación teñen un custo elevado que as familias non están dispostas a asumir.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Unha vez realizado o informe DAFO o equipo de dinamización reuniuse para elixir os obxectivos que queríamos conseguir tendo en conta que debían ser medibles e alcanzables. Os obxectivos seleccionados foron:

Selección de ferramentas adaptadas as necesidades do alumnado, implementación na aula e avaliación do alumnado da utilidade das ferramentas.

A estratexia dixital ten que transmitirse dun xeito máis xeneralizado ao profesorado e debemos establecer procedementos que lles permitan aos docentes adoptar solucións dixitais idóneas sen que supoñan unha dificultade engadida ao proceso educativo.

Acomodación do profesorado coas técnicas tradicionais de avaliación e reticencia á implementación na aula de métodos novos.

Todo o necesario de cada un dos obxetivos encontrasé especificado nas táboas da seguinte folla.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O Centro actualmente conta con as seguintes necesidades de equipamento e infraestruturas:

- 8 PDI's para as clases que teñen proxectores para un proceso de renovación e substitución dos mesmos por una tecnoloxia máis apropiadas as necesidades do alumnado.
- 1 carro de Chomebooks para complementar algúns proxectos educativos nos que participa o Centro.
- Renovación dos equipos de Administración, Sala de profesores e Biblioteca.
- Cableado físico das instalacións de Educación Infantil.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": F.Pedagogía:Implementación na aula						
OBXECTIVO (1):	Selección de ferramentas adaptadas as necesidades do alumnado, implementación na aula e avaliación do alumnado da utilidade das ferramentas.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Enquisa realizada o alumnado					
Valor de partida (3)	Sen datos de partida na enquisa o alumnado					
Valor previsto e data (4)	80% de valoración positiva na enquisa o alumnado			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Creacións de grupos de traballo en E.P e E.S.O para seleccionar as ferramentas	Xefe de Estudos	Comezo de curso	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Selección das ferramentas e deseño da implementación na aula	Grupos de Traballo	Principio do 1º Trimestre	Actas de reunións Temporalización das materias Recursos Dixitais disponibles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
	Grupos de traballo	Comezo do 2º Trimestre			Realizada	

AO1.3:Implementación nas aulas e revisión se é necesario.			Procedementos e manuais xerados polos equipos de traballo		Aprazada	
					Pendente	
AO1.4:Verificación do éxito das ferramentas empregadas	Grupo de traballo	Final do 3º Trimestre	Informes dos grupos de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": A.LIDERAZGO

● OBXECTIVO (1):	A estratexia dixital ten que transmitirse dun xeito máis xeneralizado ao profesorado e debemos establecer procedementos que lles permitan aos docentes adoptar solucións dixitais idóneas sen que supoñan unha dificultade engadida ao proceso educativo.			Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe acadado de procedementos elixidos polo grupo de traballo				
Valor de partida (3)	0% procedementos elixidos polo grupo de traballo				
Valor previsto e data (4)	75% procedementos elixidos polo grupo de traballo			Ao remate do curso 2023	

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Creación do grupo de traballo	Dirección	Inicio curso 22/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Elección dos procedementos necesarios a establecer	Grupo de traballo	Comezo do 1º Trimestre	Informe SELFIE Reunión Virtual (Plataforma Teams)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO2.3:Elaboración dun modelo estandar de redacción dos procedementos	Grupo de traballo	Final do 1º Trimestre	Reunión Virtual (Plataforma Teams)	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO2.4: Repartición dos procedementos para a elaboración dos mesmos	Grupo de traballo	Comezo do 2º Trimestre	Office 365	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO2.5:Presentación, revisión e publicación dos procedementos	Grupo de traballo Equipo Directivo	Mediados do 3º Trimestre	Reunión Virtual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

"Área/s de mellora": G.Prácticas de avaliación

● OBXECTIVO (1):	Acomodación do profesorado coas técnicas tradicionais de avaliación e reticencia á implementación na aula de métodos novos.	Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de rúbricas incorporadas o repositorio dixital do Centro		
Valor de partida (3)	0 probas creadas e compartidas por profesor e asignatura no repositorio virtual do Centro		
Valor previsto e data (4)	6 probas creadas e compartidas por profesor e asignatura no repositorio virtual do Centro	Ao remate do curso 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO3.1:Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para	Xefatura de Estudos	Inicio Curso 22/23	Convocatoria	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

deseñar a forma de establecer as probas						
AO3.2:Diseño das ferramentas e xeito de almacenar as probas no repositorio.	Grupo de Trabajo	1º Trimestre	Materias didácticos Office 365 Plataforma Dixital Teams e Alexia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Formación o profesorado sobre o procedemento adoptado.	Grupo de Trabajo	1º Trimestre	Plataforma Microsoft Teams		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Seguimento e control do cumprimento do procedemento	Coordinadores Etapa	Todo o Curso 22/23	Plataforma Microsoft Teams Alexia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.5: Revisión das probas creadas e verificación dos obxectivos plantexados	Xefatura de Estudos	3º Trimestre	Plataforma Microsoft Teams Alexia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Para o seguimento do Plan de Acción cada unha das persoas encargadas de cada obxectivo verificará como mínimo unha vez cada trimestre o estado de execución das accións e o análise e valoración dos resultados, e informará dos mesmos o Equipo de Dinamización Dixital.

Na avaliación final o encargado ademais de verificar todo o procedemento elaborará un informe que incluírá propostas de mellora para incorporar os seguintes cursos.

5. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital a comunicade educativa faráse na nosa plataforma de comunicación dixital educativa Alexia, una vez sexa aprobada polo Consello Escolar.